

Información. Que é unha RAS?



QUE É UNHA RAS?

É unha rede **dinamizadora** e de **axuda entre iguais**. Está formada polos delegados e delegadas de cada clase, que conforma o órgano participativo chamado **Xunta de persoas delegadas do centro**. Con ela o centro busca dar voz ao colectivo máis importante da Comunidade educativa: ao propio alumnado.

CALES SON AS SÚAS FUNCIONS?

- » Traslada as queixas e as opinións do alumnado ao profesorado.
- » Ofrece apoio e axuda a compañeiros/as.
- » Axuda na resolución pacífica de conflitos.
- » Deseña e pon en marcha actividades no centro educativo.

QUE É E QUE NON É O ALUMNADO AXUDANTE?

O ALUMNADO SOLIDARIO COMPÓRTASE:	UN ALUMNO/A SOLIDARIO NON SE COMPORTA COMO:
<ul style="list-style-type: none">» Con discreción: É respectuoso, non conta o que os demais, de forma privada, lle din.» Con solidariedade: Interésalle prestar axuda aos demais.» Con compromiso: Cre que as cousas poden cambiar e téntao.» Con neutralidade: Non se sitúa nun conflito entre iguais para poder axudarlles a resolvelo.» Con sinceridade: Se lle preguntan, ofrece a súa opinión, coidando respectar aos demais.» Con respecto: Nas súas tarefas, mostra respecto polo traballo e as opinións dos demais.	<ul style="list-style-type: none">» Un "policía": Non ten que estar atento a todo o que sucede, nin tampouco investigar nin "multar".» Unha persoa acusadora: Non debe contar aos profesores/as todo o que sucede, só aquelas situacións nas que vexa que cos seus recursos non pode actuar.» Unha persoa mandona: Ser un delegado/a de clase é ser un representante, non un "xefe".» Unha persoa protestona: Ser a persoa encargada de transmitir as queixas dos alumnos/as non supón protestar, só transmitir queixas de forma asertiva.

PARA QUE SERVE A RAS?

- » Para acoller o alumnado de nova incorporación ó centro.
- » Para escoitar e atender ós problemas e inquedanzas do alumnado.
- » Para organizar actividades no centro.
- » Para trasladar as opinións do alumnado ó profesorado.
- » Para crear grupos de apoio para tarefas escolares.
- » Para ofrecer protección e acompañamento a iguais que observen en situación de illamento social.
- » Para crear un clima positivo de convivencia